



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
ies.telleiras@edu.xunta.gal  
www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras



**IES** *As Telleiras*

# **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
IES AS TELLEIRAS (NARÓN)**

**CURSO 2022-23**

## **ÍNDICE**

**1. INTRODUCCIÓN**

**2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES**

**3. OBXECTIVOS**

**4. ACTUACIÓNS E CONCRECIÓN ANUAL NO CURSO 2022-23**

**5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

## 1- INTRODUCCIÓN.

Segundo a ORDE do 8/9/2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 ,do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia: **“Atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado”**.

A atención a diversidade é un dos grandes retos para o sistema educativo e, en concreto para os centros escolares, require do axuste da intervención educativa ás necesidades do alumnado para asegurar unha acción educativa de calidade. Dentro desta diversidade xeral, hai alumnado que presenta NEAE(necesidade específica de apoio educativo) xa que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Os principios xerais de actuación para atender á diversidade son os que siguen:

- A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado e rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
- As decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros contemplarán a atención á diversidade e as accións preventivas e detección temperá terán carácter prioritario.
- Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- As nais, pais ou tutores/as legais do alumnado, recibirán de forma individualizada a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado , así como das medidas a adoptar para a súa atención nos centros educativos.
- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións a promover para a mellora continuada da calidade educativa.

## 2- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A atención á diversidade ten un dobre carácter; **preventivo** das dificultades de aprendizaxe do alumnado e de **atención** ás mesmas cando se produzan. Por eso é importante facer unha identificación e valoración das necesidades do alumnado.

- **En 1º E.S.O:** ao final de curso levarase a cabo unha recollida de información dos alumnos/as que se incorporarán a 1º ESO, mediante reunións da orientadora do IES co resto de orientadores/as dos centros adscritos . Segundo esta información e unha vez analizados os distintos informes concretarase o alumnado que debe quedar exento de cursar a segunda lingua estranxeira (francés) ou se hai alumnado que vai precisar apoio educativo. Todo isto sírvenos ademais para organizar os grupos de 1º E.S.O.
- **Avaliación inicial:** apórtanos información máis concreta sobre aqueles alumnos/as que presentan dificultades no proceso de aprendizaxe e que requiren algún tipo de apoio.
- **As xuntas de avaliación:** que se levan a cabo ó longo do curso, nos permiten facer un seguemento das necesidades educativas do alumnado.
- **Reunión semanais cos titores/as da ESO:** nas cales repasaremos a evolución académica do alumnado e planificaranse as actividades de titoría.
- **As entrevistas personais coas familias :** soen ser moi proveitosas, porque chegamos a un coñecemento máis amplo do alumno/a e así podemos axudarlles mellor, e ao mesmo tempo nos permiten ofrecer pautas de intervención educativa ás familias.
- **As entrevistas individualizadas cos alumnos/as:** resultan moi útiles para coñecer as súas expectativas , os seus puntos débiles e fortes e poder así deseñar algunha estratexia preventiva, correctiva ou de revisión.
- **A coordinación cos servizos externos ao centro:** tales como o Sergas, Servizos Sociais ou asociacións nos aporta información importante sobre o noso alumnado de tipo médico, social ou asistencial, e nos permite estruturar pautas de intervencións coordinadas.

### **3- OBXECTIVOS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### **OBXECTIVOS CO ALUMNADO**

- Promover unha atención máis axustada ás posibilidades de cada alumno/a.
- Dar resposta ás necesidades do conxunto do alumnado do centro.
- Favorecer a adquisición por parte dos alumnos /as , de hábitos de estudo e esforzo como base para o seu progreso intelectual e persoal.
- Realizar avaliacións psicopedagóxicas dos alumnos/as aos que se lle detecten neae (permanentes ou transitorias), e elaborar o informe psicopedagóxico.
- Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado con NEAE, e realizar os axustes pertinentes para optimizalo (en colaboración cos titore/as e docentes).

#### **OBXECTIVOS CO PROFESORADO**

- Establecer cauces de colaboración entre os diversos profesores que interveñen con alumnos/as con necesidades educativas.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- Asesorar ao profesorado e departamentos nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, programacións de cursos, medidas de reforzo educativo e na elaboración e selección de material curricular adaptado ás necesidades do alumnado con NEAE.
- Participar nas reunións co equipo docente destes alumnos/as, informalos da súa evolución e facilitar información, así como asesorar na avaliación inicial e nas sesións de avaliación durante o curso.

#### **OBXECTIVOS COAS FAMILIAS**

- Favorecer a cooperación entre o profesorado e as familias , fomentando a implicación destas no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Informalos das medidas de atención á diversidade a tomar cos fillos/as.
- Ofrecer pautas de actuación no fogar.
- Realizar as entrevistas pertinentes para a recopilación de información (no caso de alumnado que precise avaliación-informe psicopedagóxico).

#### 4- ACTUACIÓNS E CONCRECIÓN NO CURSO 2022-23

Seguindo a ORDE do 8/9/2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 ,do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia , as medidas clasifícanse:

▪ **Medidas ordinarias**

- a.- Adecuación da estrutura organizativa do centro ( horarios, agrupamentos, espazos...) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b.- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c.- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría iguais.
- d.- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e.- Aula de atención educativa e convivencia
- f.- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- f.- Plan de reforzo para alumnado ESO que pase d curso con materias sen superar.
- g.- Plan específico personalizado para alumnado ESO que permaneza no mesmo curso.

▪ **Medidas extraordinarias**

Son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e / ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo , así como , de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade ,entre outras:

- a.- Adaptacións curriculares.
- b.- Agrupamentos flexibles.
- c.- Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica .
- d.- Flexibilización do período de escolarización.
- e- Programa de diversificación curricular.
- f- Atención educativa al alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- g- Grupo de adquisición de linguas / Grupo de adquisición competencia curricular.

**► DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS , A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS E CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACION ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

**a.- Adaptacións curriculares**

Medida extraordinaria de atención á diversidade que supón a modificación significativa nos elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

- Destinatarios: alumnado con desfase curricular e dificultades significativas.
- Profesionais: profesores de área e profesorado de pedagogía terapéutica.

**b.- Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica**

As actuacións dos profesores especialistas en Pedagogía Terapéutica son:

- a)- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b)- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas que así o requira e elaborar programas de intervención para o alumnado que atende.
- c)- Colaborar na elaboración , seguimento e avaliación das adaptacións curriculares .
- d)- Participar na planificación e no desenvolvemento das medidas que favorezan a inclusión e a diversidade do alumnado.
- f)- Asistir ás reunións de avaliación do alumnado que atende, con voz pero sen voto.
- g)- Elaborar ao final do curso escolar , un informe individualizado de cada alumno a quien preste apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación.

**► MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.**

Para a coordinación interna dos membros do centro, así como a colaboración con outras etapas educativas contamos con tres mecanismos básicos para tal fin:

- a)- A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- b)- A reunión cos titores/as.
- c)- A reunións de orientadores/as.

**a) A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)**

É un órgano de coordinación docente, que nos permite garantir a coordinación entre o equipo directivo do centro e os departamentos didácticos. Está constituído por:

- A dirección
- Xefatura de estudos.
- As xefaturas dos distintos departamentos didácticos.

**b) Reunión de titores/as.**

Unha vez á semana ,a orientadora e os titores/as do 1º e 2º da ESO e de 3º e 4º da ESO, levaremos a cabo unha reunión para o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, así como para plantexar os diferentes problemas ou situacións e buscar entre todos solucións e propostas de traballo conxuntas e axeitadas.

**c)- Reunión de orientadores/as**

Levarase a cabo a final de curso unha reunión da orientadora do instituto cos orientadores/as dos centros adscritos. Nesta reunión planifícanse os futuros plans e accións que teremos que levar a cabo no curso seguinte co alumnado que se incorpora a 1º ESO, sobre todo facendo especial fincapé naquel alumnado que presenta algún tipo de necesidades educativas. Independentemente desta reunión, durante o curso , mantemos comunicacións periódicas sempre e cando sexa necesario.



► **CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

**a)- Nais/pais ou titores/as do alumnado.**

Estes canles de colaboración da familia no proceso educativo dos seus fillos/as , os establecemos mediante os seguintes procedementos:

1.- Reunión dos titores/as coas familias dos alumnos/as ao principio de curso para informarlles dos seguintes aspectos:

- Funcionamento e organización da aula e do centro.
- Procedementos e criterios de avaliación.
- Horarios. Profesorado e materias.

2.- Entrevistas personais dos titores/as coa familia do alumno/a, para informar dos resultados e marcha académica do seu fillo/a, a petición da familia ou dos/as titores/as.

3- Mantemento na páxina web como canal de información para a familia.

**b)- Servizos externos ao centro**

Potenciarase o establecemento de pautas ou protocolos de colaboración con entidades e administracións locais para a organización e desenvolvemento de programas e actividades que favorezan a diversidade, a interacción e inclusión nas aulas, a través de servizos externos ao centro como: servizos sociais do concello, asociacións de diversa índole ou do equipo de orientación específico

**5 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Nas reunións con titores/as e xefatura de estudos, farase o seguimento deste alumnado, así como mediante a coordinación co profesorado de pedagogía terapéutica. As sesións de avaliación permitirán valorar os resultados e a modificación/revisión das medidas de atención á diversidade para un mellor axuste ás peculiaridades do alumnado.

Na memoria final do Departamento de Orientación recolleranse os aspectos máis salientables, así como as propostas de mellora para o vindeiro curso académico.

En Narón , a 20 de Setembro de 2022

Asdo. Saínza Bonome Carballés

Xefa do Departamento de Orientación